



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES PROVISORIAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE E EXCLUÍDAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA ERASMUS+ KA171 PARA PDI 2025 (II convocatoria)

Mediante a resolución reitoral do 31 de maio de 2025 publicouse a II convocatoria de axudas para a participación do persoal docente e investigador no programa Erasmus+ no curso 2024- 2025, no marco da acción KA171 e no cadro do proxecto 2022-1-ES01-KA171-HED-000068875¹. Despois de finalizar o período establecido nesta convocatoria para a presentación de solicitudes e feita a revisión da documentación achegada, esta reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a relación provisoria de solicitudes admitidas a trámite no Anexo I.

As persoas interesadas poderán emendar os erros e a falta de documentación no prazo de **5 días hábiles**, que comezarán a contar ao día seguinte da publicación desta resolución. Estas alegacións deberán presentarse na [sede electrónica da Universidade de Vigo](#) mediante unha [instancia xenérica](#) (SXER - Instancia xenérica PTXAS/PDI) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais (ORI).

Transcorrido este prazo, publicarase unha resolución coas listaxes definitivas de solicitudes admitidas e excluídas. Esta resolución poderá ser recorrida perante o órgano que a dite.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR,
Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.